

Liderando a Transformación Lean Agile con SAFe®: Introducción ao curso oficial Leading SAFe

Descrición

O próximo curso oficial de certificación SAFe® Leading SAFe celebrárase do 9 ao 12 de febreiro de 2026, con período de inscrición aberto do 5 ao 18 de xaneiro de 2026. Este seminario en liña foi deseñado para ofrecer unha visión clara dos contidos, obxectivos e alcance da certificación SAFe® Agilist (SA), así como das oportunidades profesionais e organizacionais que ofrece esta formación. Permite coñecer se este curso é o paso adecuado para quen desexa adquirir unha comprensión sólida do marco SAFe® e liderar con éxito a transformación Lean Agile na súa empresa.

Nunha contorna empresarial cada vez máis complexo, as organizacións necesitan escalar os principios e prácticas áxiles máis aló do nivel de equipo. O marco Scaled Agile Framework (SAFe®) proporciona a estrutura e a guía necesarias para aliar estratexia, execución e entrega de valor en toda a organización.

Durante o seminario, Miguel Santiago, SAFe SPC e Director de Operacións de Estratecno, presentará os fundamentos do marco SAFe® e a súa aplicación práctica en contornas empresariais reais. A partir da súa experiencia en acompañar transformacións en organizacións de distintos sectores, explicará como o curso oficial Leading SAFe axuda aos líderes e responsables de cambio a comprender o sistema completo e adquirir as competencias necesarias para impulsar a axilidade a escala.

Ademais, expoñeranse os temas que aborda o curso, os tipos de dinámicas que se realizan e o valor que achega a certificación internacional SAFe® Agilist (SA) para o desenvolvemento profesional e o recoñecemento dentro do ecosistema Agile global.

PROGRAMA	Programación 2025/26
TIPO	SEMINARIO
PERIODO INSCRICIÓN	01/12/2025 - 16/12/2025
Nº PRAZAS	232
METODOLOXÍA	Virtual
DURACIÓN	4 horas

DATA INICIO	17/12/2025
DATA FIN	17/12/2025
HORARIO	O 17/12/2025 de 16:00 a 20:00 horas.
LUGAR DE DOCENCIA	Edificio localizado na r/Airas Nunes s/n, barrio de Conxo, en
PERIODO DOCENCIA	17/12/2025 - 17/12/2025

Temario

- Introducción ao Scaled Agile Framework (SAFe®)
 - A necesidade de escalar a axilidade en contornas complexas.
 - Principios Lean-Agile e piares do pensamento SAFe®.
 - Estrutura xeral do framework e niveis de implementación.
- Fundamentos de liderado Lean-Agile
 - Liderar o cambio cultural cara á axilidade empresarial.
 - Rol do liderado na creación de equipos áxiles de alto rendemento.
 - A mentalidade Lean-Agile e os valores SAFe®.
- O curso oficial Leading SAFe
 - Estrutura do curso (4 xornadas, 16 horas) e principais áreas de aprendizaxe.
 - Dinámicas e exercicios prácticos: o seu propósito e enfoque.
 - Preparación e proceso de certificación SAFe® Agilist (SA).
- Casos reais e beneficios de aplicar SAFe®
 - Exemplos de organizacións que adoptaron SAFe® con éxito.
 - Impacto na aliñación estratéxica, a velocidade de entrega e a calidade.
 - Claves para un liderado efectivo en contornas áxiles a gran escala.
- Próximos pasos e curso oficial - febreiro 2026
 - Datas, proceso de inscrición e requisitos.
 - Materiais recomendados e orientación previa ao curso.
 - Espazo final de preguntas e conclusións.